



Do 1 de decembro do 2023
ao 4 de febreiro de 2024

 AGRUPACIÓN
FOTGRÁFICA
GALEGA

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO



EXPOSICIÓN - MARATÓN FOTOGRÁFICO XXVII

COS TEMAS:

LAZOS · INTENSO · URBANO · DESGASTE



INTENSO - 028 -
Víctor Chao Novoa

O Maratón fotográfico é un concurso no que as persoas participantes deben facer fotos sobre catro temas propostos pola organización ao longo de vinte e catro horas.

Os catro temas sonlles comunicados aos e ás participantes no momento da saída e nesta edición un total de 100 afeccionados á fotografía buscaron as mellores imaxes nas rúas, paisaxes ou moradas de Vigo.

Despois deben facer a selección das imaxes capturadas, escoller unha por tema na procura de coherencia e personalidade, equilibrio e expresividade. Unha serie que mostre os temas cunha atmosfera común que represente os/as autores/as e que teñen que entregar antes do remate das 24 horas.

Chega o tempo de elixir, o xurado é agora o encargado de interpretar, valorar e deixarse levar polas distintas propostas.

DESGASTE - 060 -
Carlos Álvarez Calvo





URBANO - 110 - Sonia Barja Iglesias

Búscase a orixinalidade e as series que máis transmitan, as que fan pensar e conseguen provocar sentimentos. O xurado ten que escoller as que se expoñen en gran formato na exposición e delas as series gañadoras.

Os temas desta vez foron: Intenso, Lazos, Urbano e Desgaste.

Pode ser que semellen pouco inspiradores ou complicados de fotografar, pode que pareza imposible xuntar a representación destas catro palabras en imaxes e acadar unha boa serie fotográfica mais estamos seguros de que tras visitar a exposición e deterse un tempo fronte a cada serie sentiredes como as fotos vos transmiten e iso é sen dúbida o que busca a fotografía, transmitir sentimentos.

Gozádeo...

LAZOS - 048 - Carmen Borrajo Fernández



Casa das Artes

Rúa Policarpo Sanz 15. Vigo

Do 1 de decembro do 2023 ao 4 de febreiro de 2024

Luns a venres: de 18:00 a 21:00h.

Sábados: de 12:00 a 14:00h e de 18:00 a 21:00h.

Domingos e festivos: de 12:00h a 14:00h.

